

**ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2018 PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “HUMANIZACIÓN AVDA. FERNANDO CONDE” (Expte. 4037/2018).**

Reunidos na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Excmo. Concello da Estrada, sendo as 10:35 horas do día 7 de setembro de 2018, os compoñentes da Mesa de Contratación para proceder á apertura de plicas correspondentes ao procedemento aberto simplificado con destino á contratación das obras de “HUMANIZACIÓN AVENIDA FERNANDO CONDE”, que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE: A Sra. Alcaldesa en funcións Dna. Amalia Goldar Cora.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, Interventora Accidental Municipal.
- D. Daniel Orrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal.
- Non asisten D. Enrique Ponte Clares, Arquitecto Municipal. D. Ramón Brea Villaverde, Enxeñeiro Técnico Municipal, nin tampouco a representante do Grupo Municipal do PS de G.-PSOE.

SECRETARIA DA MESA:

- Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Pola Secretaria Municipal indícase aos membros da Mesa que, de conformidade co acordado na reunión celebrada o día 27 de agosto de 2018, no que se procedeu a examinar a documentación administrativa incluída no sobre A, compróbase que as empresas CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA), NAROM S.L., MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L., COPCISA S.A., OGMIOS PROYECTOS S.L. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., non presentan en documento aparte o compromiso de adscripción mínima á execución do contrato dos medios persoais. En canto ás empresas ELSAMEX S.L., OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L. e ALCOMTE GALICIA S.L., ademais de non presentar o documento de compromiso de adscripción mínima á execución do contrato dos medios persoais tampouco presentan o documento do Anexo VIII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativo á Declaración de confidencialidade de datos e documentos.

Polo tanto, a Mesa, considerando que se trata dunha omisión enmendable, requiríuselle as indicadas empresas, concedéndolles un prazo de tres días hábiles contados dende a recepción da comunicación para que, no caso de seguir interesadas neste procedemento, aportaran a indicada documentación.

Durante o prazo concedido ao efecto todas as empresas subsanan correctamente a documentación requirida excepto a mercantil OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L., que non a presenta, polo tanto, a Mesa acorda por unanimidade excluíla desta licitación.

De seguido e xa en acto público, procédese á apertura da documentación que contén a parte da oferta evaluable a través de criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e acorda pasala ao técnico municipal D. Daniel Orrea Corral para que emita o informe de valoración, e unha vez feito o mesmo volverase a reunir a Mesa para dalo a coñecer e posteriormente á apertura dos sobres B (oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes). Este acto será anunciado no Perfil do Contratante do Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público indicando o día e a hora da reunión.

E non sendo outro o obxecto deste acto, dáse por rematado o mesmo sendo as dez horas cincuenta e cinco minutos do día do seu comezo.

A presidenta da Mesa, A Secretaria da Mesa  
(documento asinado dixitalmente á marxe)